



NOTA INFORMATIVA SOLICITUDE COMEDOR ESCOLAR

Estimados pais/nais:

Remitimos o modelo- impreso de autodeclaración que deberán cumprimentar para facer a solicitude do comedor para o curso escolar 2020/21. A efectos de establecer a taxa de pagamento que lles resultará aplicable polo uso do mesmo deberán determinar a renda per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal de 2020 que obterán sumando as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar (casillas 435+460-595 da declaración do IRPF do exercicio fiscal 2020) e dividindo entre o número de membros. No caso de que algún dos cónxuxes (ou de ser o caso os dous) perciba rendas e non presente declaración haberá que sumar o importe dos datos do borrador do IRPF (casilla 0003+0027-0013-0596-0597 ou ben do seguinte xeito: retribucións dinerarias +intereses-cotizacións seguridade social-retencións procedentes do traballo-retencións procedentes do capital mobiliario).

Compre dicir que a efectos de IRPF enténdese por **unidade familiar**:

- Cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:
 - Fillos menores (salvo emancipados)
 - Fillos maiores suxeitos a patria potestade prorrogada
- En ausencia de matrimonio ou separación legal:
 - Pai ou nai e a totalidade dos fillos menores ou incapacitados cos que convivan

Calquera outra agrupación familiar non constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.

O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo a situación familiar a 31 de decembro de cada ano (si un fillo alcanza a maioría de idade durante o ano xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo)

No caso das **parellas de feito ou nos de separación ou divorcio con garda ou custodia compartida** só un dos proxenitores pode formar unidade familiar cos fillos menores ou incapacitados xudicialmente.

É importante que todos os membros maiores de idade asinen o modelo de autodeclaración xa que se trata dun requisito imprescindible para comprobación dos seus datos tanto de identidade como tributarios, de facelo doutro xeito haberá que presentar a documentación correspondente aos datos alegados.

A documentación haberá de entregarse na secretaría do centro **do 1 ó 8 de setembro de 2021.**

Recordarlles que estamos a súa disposición para calquera dúbida que poidamos solventar.

Atentamente, un saúdo.

SOLICITUDE COMEDOR ESCOLAR . CURSO 2021-22

ALUMNO/A	
CURSO	

A- RENDA NETA IRPF 2020

Casiña 435+casiña 460-casiña 595= X	
-------------------------------------	--

B- MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (incluíndo alumnos/as para os que se solicita)

Número de membros: Y	
----------------------	--

	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

RENDA NETA PER CÁPITA = X/Y	
-----------------------------	--

SITUACIÓN A (gratuidade total)

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

SITUACIÓN B (abono de 1€ por día)

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

SITUACIÓN C (abono de 2'5€ por día)

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

SITUACIÓN D (abono de 4'5€ por día)

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Marque cunha cruz en que situación se encontra:

<input type="checkbox"/>	SITUACIÓN A (gratuidade total)
<input type="checkbox"/>	SITUACIÓN B (abono de 1€ por día)
<input type="checkbox"/>	SITUACIÓN C (abono de 2'5€ por día)
<input type="checkbox"/>	SITUACIÓN D (abono de 4'5€ por día)

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado

San Román de Cervantes, a de de 2021

Sinatura do Declarante:	
Sinatura do Cónxuxe:	
Sinatura dos fillos maiores de idade:	
Sinatura dos fillos maiores de idade:	
Sinatura dos fillos maiores de idade	
Sinatura dos fillos maiores de idade	